



DON JOSE ANGEL FERNANDEZ RODRIGUEZ, SECRETARIO ACCTAL. DO EXCMO. CONCELLO DE TUI,

CERTIFICA: Que o Sr. Alcalde-Presidente, con esta data, ditou a resolución do seguinte teor literal:

"Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o 20 de Maio de 2013, acordou, entre outros, aprobar o inicio do expediente de contratación de "Servizo de Limpeza de Dependencias Municipais do Concello de Tui", así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a mesma, tratándose dun contrato suxeito a regulación armonizada debido á súa confía.

Publícase anuncio de licitación no Suplemento do Diario Oficial da Unión Europea (DO/S) de 17/07/2013, S137-238256, no Boletín Oficial do Estado nº 177 de 25/07/2013, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 142, de 26 de xullo 2013, así como anuncio no perfil do contratante do Concello de Tui (www.concellotui.org), rematando o prazo de presentación de propostas o 24 de agosto de 2013.

Rematado o prazo de presentación de propostas, preséntanse á licitación as seguintes empresas:

- 1- R.E. 7247- 23/08/2013. Limpiezas, Ajardinamientos y Servicios Seralia, S.A, de Valladolid.
2. R.E. 7248 - 23/08/2013. Unión Internacional de Limpieza, S.A., de Valladolid.
3. R.E. 7249 - 23/08/2013. ISS Facility Services, S.A., de Vigo.
- 4.-R.E. 7272 - 24/08/2013. Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L)
- 5.-R.E. 7273 - 24/08/2013. Orballo S.Coop.Ltda., de Tui.

Con data 5 de setembro de 2013 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre A, documentación administrativa.

Comprobados os documentos aportados polas empresas e requisitos esixidos na licitación a Mesa de Contratación acorda admitir a tódalas empresas presentadas.

Aos efectos de continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación, en acto público, para o vindeiro, **martes, días 10 de setembro, ás 13:00 horas** para apertura do sobre "C" DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVES DE XUIZOS DE VALOR. en cumprimento da cláusula decimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas que rexerán a contratación, e unha vez realizada a valoración técnica. Tra-la lectura de ditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas de acordo aos criterios e ás ponderacións establecidas no prego.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.



E para que así conste, emito a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde en Tui, a 6 de setembro de 2013.-

Vºpr.

O ALCALDE-PRESIDENTE



PERFIL DO CONTRATANTE